

Sonigrama 130:

<http://www.crtvg.es/rg/podcast/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-05-10-2017-3475305?t=7>

3

Relato:

Fricción

Globos.

De súpeto, asaltan a miña memoria infinidade de recordos do pasado Entroido. Amigos, alcohol, a sala de festas e a súa preciosa decoración.

Aquela noite prometía, ía disposta a bailar e a rir ata que amencera mais non foi así. No seu lugar, fricción. Dous globos rozándose movidos polas mans dese rapaz disfrazado de pallaso que me observaba dende a esquina da barra. Non tiña bo aspecto, a perruca estaba enguedellada, a maquillaxe esvaraba pola súa cara debido á suor e nos seus ollos podía verse ese brillo inconfundible que asola a nosa vista cando xa bebemos dúas cervexas de máis.

Horas máis tarde abría os ollos nunha habitación escura, nun piso escuro. Se cadra porque aínda era noite ou ao mellor polo lixo acumulado nas súas paredes. Non vía nada, non podía moverme pero a pesares diso fun quen de decatarme de que estaba espida sobre unhas sabas frías e ásperas, atada á cama.

Nese momento oín pasos dirixíndose cara o cuarto, abriuse a porta e coa pouca luz que entrou puíden recoñecer ó pallaso.

Ocorreu outra vez, fricción. Esta vez non de globos senón de corpos, do meu corpo forzado contra aquel leito.

Total de palabras: 196.